

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE DISTRIBUIDORAS DE HOSTALARÍA E ALIMENTACIÓN DE LUGO PARA O APOIO Á CELEBRACIÓN DA II FEIRA GASTRONÓMICA L DE LUGO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento do marco de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo para a organización e celebración da II Feira Gastronómica L de Lugo, que tivo lugar os días 25 e 26 de setembro de 2022 en Lugo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo pretende levar a cabo a 2ª edición da Feira Gastronómica L de Lugo.

A iniciativa trátase dun proxecto de carácter comercial e publicitario, onde a Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo pretende crear unha feira con todos os asociados interesados en dar a coñecer os seus produtos e, sobre todo, fortalecer a súa imaxe despois da crise sufrida pola Covid-19 o pasado 2020/2021, e as continxencias nas que nos atopamos actualmente debido a ela e á crise enerxética deste mesmo ano. O que se pretende é facer novas relacións comerciais, así coma presentar os produtos ó público hostaleiro e xeral, para acadar nichos de mercado de caro ó futuro.

Despois do éxito da edición do ano pasado preténdese que a deste ano sexa un escaparate de toda a gastronomía de Galicia e que se converta en pouco tempo na feira gastronómica máis importante do noroeste peninsular. Para iso deséxase contar cos principais produtores de Galicia (especialmente de Lugo, sen esquecernos de Asturias occidental e do Bierzo), denominacións de orixe e identidades xeográficas protexidas, empresas privadas do ámbito alimentario, industriais ou artesanais. Ademais nesta segunda edición contarase, entre outros, coa participación das escolas de hostalaría, que son o futuro do sector, coas asociacións de cociñeiros de Lugo, cunha representación de panadeiros e pasteiros (a través da súa asociación Afapan), e coa colaboración da Organización de Produtores Pesqueiros de Lugo, IGP Tenreira Galega e Pemento de Mougán.

Así mesmo, permitirá a presentación en sociedade de moitos dos produtos locais que se están a comercializar, e dado o pequeno tamaño das produtoras que os producen non lles é doado a parte publicitaria, polo que a feira é unha boa



oportunidade tamén para elas, xa que se aproveitarían da infraestrutura xerada como una lanzadeira de negocio.

A importancia da cidade de Lugo como parte fundamental e histórica do Camiño de Santiago, beneficiaría de forma directa e indirecta tanto para os principais afectados e a diferentes organismos públicos a creación da feira.

Terceiro.- A feira terá lugar no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo os días 25 e 26 de setembro de 2022. O evento levarase a cabo con diferentes experiencias abertas ó público tales como Show Cooking, Coctel Ring, Baristas, Túnel de tapas, Pulpeiros, Entretenemento infantil e Música. As actividades máis destacadas serán as catas e as maridaxes, para as que se habilitarán, a maiores dos stands, unhas salas específicas. A previsión de afluencia é que nesta edición se poida acadar a cifra de 5.000 persoas, o que garantiría unha gran cantidade de vendas e un gran volume de negocio.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase



xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

